

Situación nos centros debido á falla de benestar emocional

Este curso 2020-21, inmersos nunha pandemia que afecta profundamente tamén ao sistema escolar, os centros vimos detectando un incremento significativo de alumnado con desestabilidade emocional e hábitos de vida pouco saudables; como consecuencia, detectamos un incremento de alumnado, familias e/ou profesorado que acode aos departamentos de orientación porque o alumnado está con:

- ansiedade,
- tristeza,
- uso abusivo do xogo online e / ou redes sociais,
- abandono escolar,
- condutas autolesivas e mesmo intentos de suicidio.

Tamén trouxo consigo un incremento substancial das funcións para o departamento de orientación, como por exemplo, asumir a responsabilidade do coidado do benestar emocional da comunidade educativa.

Ante esta situación, consideramos que as autoridades tanto educativas, como sanitarias e de política social deberían adoptar medidas preventivas e proactivas para traballar sobre esta situación. Estas medidas poderían incluír:

- Política integrada socio-sanitaria-educativa para dar resposta ás necesidades de atención nos ámbitos sociofamiliares, saúde mental e benestar emocional do alumnado, de maneira integral e integradora; con mecanismos eficaces e efectivos de coordinación entre todos os ámbitos: social, educativo e sanitario.
- Incrementar a dotación de orientadores nos centros cun número de alumnado superior a 500; en base a datos como nº de alumnado, diversidade de ensinanzas...
- Necesidade de acceso a recursos de saúde mental de maneira áxil e coordinada. As dificultades para acceder a un coidado da nosa saúde mental na sanidade pública agraváronse coa pandemia: retrasos na valoración inicial, seguimentos moi espazados no tempo... "A pandemia cronifica a precariedade na atención psicolóxica". A necesidade de atención psicolóxica dende un punto de vista terapéutico é perentoria nestes momentos e o acceso a este recurso vese moi limitada pola falla de recursos humanos na sanidade pública e polos criterios e procedementos de acceso. Sería preciso contar cun servizo de atención psicolóxica máis áxil e ligado á esfera escolar.
- Dotar de educadores sociais, senón a cada centro, si por concellos / varios institutos en función do número de alumnado. A falla de abordaxe das necesidades de índole social están afectando profundamente á poboación escolar.

Cangas, abril de 2021

Cristina González Piñeiro (Orientadora do CPI do Toural – Vilaboa)

Rosario Lorenzo Martínez (Orientadora do IES As Barxas - Moaña)

Elena de Miguel Palacios (Orientadora do IES A Paralaia - Moaña)

Begoña Otero Riobó (Orientadora do IES Monte Carrasco - Cangas)

Mª Silvia Paz Pena (Orientadora do IES Illa de Ons - Bueu)